

RÚBRICA DE EXPRESIÓN ESCRITA

MAL – 0 PUNTOS / **REGULAR** – 0,25 PUNTOS/ **BEN** – 0,50 PUNTOS/ **MOI BEN** – 0,75 PUNTOS/ **BEN** – 1 PUNTO

	EXCELENTE	MOI BEN	BEN	REGULAR	MAL
ORTOGRAFÍA E PUNTUACIÓN	Presenta o texto sen ningunha falta de ortografía e de puntuación.	Presenta o texto con unha ou dúas faltas de ortografía e de puntuación.	Presenta o texto entre 3 -5 faltas de ortografía e puntuación.	Presenta o texto entre 5 - 10 faltas de ortografía e puntuación.	Presenta o texto con máis de 10 faltas de ortografía e puntuación.
CALIGRAFÍA E PRESENTACIÓN	Presenta o texto con caligrafía clara e lexible, excelente presentación (boa organización espacial, respectando marxes, separación de parágrafos...) e coidado estético (uso axeitado das cores, subliñado, títulos....).	Presenta o texto con caligrafía clara e lexible, moi boa presentación (organización espacial, respectando marxes, separación de parágrafos...) .	Presenta o texto con aceptable caligrafía e presentación.	Presenta o texto con flexibilidade pero necesita mellorar tanto a caligrafía como a presentación.	Necesita reforzo para mellorar a caligrafía e presentación adecuada.
RIQUEZA LÉXICA	Emprega vocabulario moi variado e adecuado ao tema, sen recorrer ao léxico doutra lingua.	Emprega vocabulario moi variado e adecuado ao tema.	Emprega vocabulario variado e adecuado ao tema.	Emprega vocabulario limitado, con algunha repetición, e adecuado ao tema.	Emprega vocabulario moi limitado con abundantes repeticións.
COHERENCIA	Planifica e redacta textos, aportando creatividade e orixinalidade, seguindo uns pasos: planificación (ideas ben organizadas e desenvolvidas) revisión e mellora do texto con autonomía.	Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación (ideas ben organizadas e desenvolvidas) revisión e mellora do texto con autonomía. Realízao de maneira autónoma.	As ideas están razoablemente ordenadas de forma que se mantén o sentido global do texto. Con ningunha ou pouca axuda.	Hai certo orde nas ideas , a información progresa aínda con algunha repetición e coherencia. Necesita algunha axuda.	Textos desordenado, perde o sentido global con información repetitiva e sen coherencia.
COHESIÓN	Redacta textos/ parágrafos/oracións presentando concordancia gramatical e sintáctica e usando conectores moi elaborados.	Redacta textos/ parágrafos/oracións presentando concordancia gramatical e sintáctica e usando menos conectores adecuados ao nivel.	Redacta textos/ parágrafos/oracións presentando erros gramaticais e sintácticos (non significativos) e usando conectores sinxelos.	Redacta textos/ parágrafos/oracións presentando algún erro de concordancia gramatical e sintáctica e con uso limitado ou nulo de conectores.	O discurso resulta inconexo por abundancia de erros gramaticais e/ou sintácticos.